

Convocatoria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural para o día 14 de decembro de 2022.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 16 de xullo de 2019, durante o mandato 2019-2023 a Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

Polo exposto, DISPOÑO:

Convocar a Comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural en sesión **ordinaria**, para o **día 14 de decembro de 2022**, ás 18.00 horas, coa seguinte orde do día:

1. 2022/63R/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 16 de novembro de 2022.

2. 2022/13605C PRESIDENCIA

Desafectación de parcela de titularidade provincial, correspondente á OU-0505, municipio da Peroxa.

3. MOCIÓN DE URXENCIA.

4. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.

